

Urbanismo medieval

PRESENTACIÓN

O concello de Ponte deume pon a disposición dos centros escolares unha guía dirixida a educadoras/es para estudar o urbanismo na aula. Trátase dunha guía didáctica coa que traballar os conceptos básicos do urbanismo medieval e as súas construcións, tomando como exemplo a vila de Ponte deume.

CONTIDOS

O que imos traballar:

- Definición de urbanismo.
- Orixe das vilas medievais.
- Tipoloxías de planimetrías no urbanismo da Idade Media.
- Partes / elementos que conforman as vilas medievais.
- Nomenclatura das rúas e prazas.




OBXECTIVOS?

O que imos aprender:

- Comprender os distintos de vilas e por que son dun xeito determinado.
- Como influíu o urbanismo anterior nas vilas xurdidas na Idade Media.
- Entender a terminoloxía vencellada coa arquitectura da Idade Media.
- Descubrir por que Ponte deume ten a morfoloxía que ten e de onde procede



Urbanismo medieval




DEFINICIÓN DE URBANISMO

Segundo a RAG (Real Academia Galega) o urbanismo é “Estudo que se ocupa do deseño e a disposición de edificios, vías de comunicación, etc.; dunha aglomeración urbana, tendo en conta as necesidades desta e aténdose a unha serie de normas científicas, administrativas, etc...”

URBANÍSTICA MEDIEVAL

Ordenación urbana característica da Idade Media, cunhas particularidades propias e definitorias desta época: vilas asentadas arredor da igrexa, protexidas cunha muralla e con vivendas longas e estreitas respondendo ao entramado compacto.



Orixe das vilas medievais

A vila medieval reflicte a ideoloxía e a forma de organizarse da sociedade do momento dominada polo feudalismo, que dividía a sociedade por estamentos: realeza, nobreza e labregos.

O papel da relixión será fundamental para a súa organización, a igrexa será a construción máis importante en torno a cal xiran o resto de edificios, incluso hai vilas que xurdiron a raíz da edificación da igrexa, como a cidade de Santiago de Compostela.

Durante a Idade Media non existía un urbanismo unificado, motivo polo que hai diferentes morfoloxías; as variedades de estruturas urbanas serán o froito dos conflitos producidos entre os distintos grupos sociais que as habitaban. No caso de Pontedeume, as denominadas Revoltas Irmandiñas, campesiños enfrontados aos señores feudais.

O emprazamento xeográfico será determinante nos asentamentos medievais, no caso de Pontedeume, a aba do monte Bremao, lugar estratéxico para a defensa e a protección dos temporais; pero tamén había dificultades, era un territorio aberto ao mar e polo tanto de difícil protección.

Respondendo á orixe, as vilas medievais poden dividirse en cinco grupos:

1. Orixe romana: aproveitando os asentamentos romanos xurde unha vila; Lugo é un exemplo.
2. Asentamentos que xurden de pequenas aldeas e nacen de xeito esporádico.
3. Cidades bastidas, só se atopan en Francia, Inglaterra e Gales; de carácter militar, teñen unha organización e funcións distintas. De nova fundación e planificadas.
4. De nova planta: Pontedeume.
5. Burgos. Primeiro con funcións militares para logo tornárense en funcións comerciais.

Planimetrías - Trazados medievais



SALÓNICA_GRECIA

MOSCÚ_RUSIA



Planimetrías - Trazados medievais



PRAGA_REPÚBLICA
CHECA

FLORENCIA_ITALIA



Planimetrías – tipoloxías de vilas

Unha vez temos definida a orixe da vila, hai que pensala; alungas non requerían planificación porque xa existían como asentamentos, campamentos militares ou pequenas vilas de nacemento espontáneo en torno a unha igrexa, ...pero outras vilas, coma Pontedeume, requiriron unha planificación, sendo pensadas “ex novo”.

Amais da planimetría de Pontedeume, de carácter xeométrico, existen outras tipoloxías:

- Lineal: formada ao longo dun camiño.
- Crucial: dúas rúas fundamentais cortadas de forma ortogonal.
- Nuclear: a esta tipoloxía responde a maioría das cidades medievais. Formadas en torno a un ou máis puntos dominantes, coma unha igrexa, un castelo, mosteiro, catedral, et. Cando existen dous denomínanse “binucleares”.
- Espiña de peixe: formada por unha rúa principal da que saen outras secundarias paralelas entre sí. As bastidas francesas son exemplo desta planimetría.
- Radioconcéntricas: foi unha das máis difundidas. Consistía nun punto central onde se atopaba a catedral ou edificios importantes, que co paso do tempo eran espazos rodeados de vivendas e outros edificios, ordeados por vías de circulación en forma de círculos e radios, coma se dunha tea de araña se tratase.

Estas planimetrías correspondíanse coas rúas e prazas que eran, e son, coma o tecido óseo e muscular dun ser humano, son o soporte do corpo cidadá. As rúas son para o tránsito e a comunicación, son as arterias polas que discorre a vida da vila; son coma as venas do noso corpo que teñen sentido cando o sangue circula por elas. As prazas funcionaban e funcionan como lugares de reunión, onde se xuntaba a xente e onde se celebraban festas e feiras, son o “corazón” das vilas. Por último, a estes elementos hai que engadirilles a “personalidade”, que viría da man dos nomes conferidos a rúas e prazas ao longo da historia e que chegarían até nós. Durante a Alta Idade Media as rúas non se nomeaban, simplemente se describían, hai que esperar á Baixa Idade Media para que isto suceda; non ocorría así nas vilas de orixe musulmán por exemplo, onde sempre foron nomeadas e polo tanto individualizadas.

Planimetrías - tipoloxías de vilas: Pontedeume

No caso de Pontedeume, para estudar a súa nomenclatura de rúas, dispuxemos de distintas fontes escritas todas elas:

- Documentos de cesións,
- Documentos de vendas ou doazóns de casas

O proceso do nomeamento das rúas foi lento e nalgúns casos impreciso, aínda así houbo moitas que foron nomeadas reiteradamente en devanditos documentos o que axuda a situalas e seguirilles a pegada da súa evolución. “A rúa que viene de Andrade”, futura rúa Real, é un bo exemplo.

Mais, unha vez que a vila está pensada e organizada “ex novo”, que elementos lle faltan?

PARTES QUE COMPOÑEN UNHA VILA MEDIEVAL

1. **MURALLA:** conformadas por torres e portas. A súa construción respondía a unha triple finalidade:

- a. fronteira aduaneira,
- b. elemento defensivo,
- c. misión sanitaria, pechaba a vila fronte a posíbeis epidemias.

2. **RÚAS:** no período baixomedieval será cando se empece a pór nome ás rúas de xeito individual, antes eran nomes xenéricos e só de vías principais coma a rúa Maior ou Real. Paseniñamente irán aparecendo nomes de rúas vencelladas á ubicación nelas de individuos adicados a un oficio artesá coma a rúa Ferreiros de Pontedeume, a unha profesión (notarios), a unha particularidade da orografía ou á presenza dun edificio relixioso, Corredoira das Virtudes, rúa de Santiago, rúa de San Miguel, todas elas na vila dos Andrade. Noutras ocasións os documentos non nos falan dun nome senón que fan unha descrición da mesma ao fixar o seu lugar de arranque e o seu lugar de destino “*a traviesa que va desde la rúa Real a la Plaza del Conde*” ou a “*rúa que viene de Andrade*”.

a. Características das rúas:

- i. Estreitas, simplemente para a comunicación; o seu ancho fálanos da súa importancia, o máximo nas vilas cristiás eran de 4 metros.
- ii. Pavimento: ás veces sí, a maioría non. Exemplo: Empedrado (Pontedeume)

Partes dunha vila medieval



VIVENDAS

Imos describir as vivendas da maioría, sen ter en conta os pazos ou outras edificacións dos nobres.

CARACTERÍSTICAS:


- Materiais: barro, pedra e moita madeira.
- Fiestras: só as necesarias para a ventilación das casas, e para que entrase a luz.
- Casas estreitas á fachadas e longas. Na parte de atrás tiñan horta.

PRAZAS


Espazo aberto que estruturaba a vila e que rematou convertíndose no organizador do tecido urbán.

FUNCIÓNS:

- Espazo cívico de relación.
- Manifestación de poder.
- Punto de aplicación fundamental da política do momento.
- Función comercial, sede do mercado.




Partes dunha vila medieval



As igrexas sempre estaban presentes nas vilas medievais. A súa presenza xustifícase para dar resposta ás necesidades espirituais da sociedade. O seu tamaño variaba segundo o tamaño da vila ou cidade na que se edificaba.

Representan a orixe de moitas vilas, entre elas Santiago de Compostela.



Evolución da vila de Pontevedra dende a súa fundación en 1270

O caso de Pontedeume: orixes e evolución

CONTEXTO

Factores que se deron para a aparición da vila medieval de Pontedeume, que ocorreu para a súa fundación? por que se fundou? por que dicimos que é de nova planta?

CONTEXTO

Datas relevantes:

- 30/12/1270. Fundación. Carta póboa destinada aos habitantes do señorío real de Pruzos e Bezoucos, para fundar unha vila no lugar de *Pontes de Ume*.
- CARTA/PÓBOA: supuxo a aparición dunha vila e un concello. PÓBOA formada por 30 freguesías.
- 1371 Estado dos Andrade.



APARICIÓN DA VILA


Temos o documento fundacional que permitían o inicio da vila, que pasos se seguen? que territorio abarcaba?

- Pontedeume convertiuse no único punto posible gardando o paso do río.
- **PROBLEMAS?**
 - Control da ponte.
 - Barreiras físicas, o monte Breamo e o río Eume, impedían o crecemento da vila.
 - Porto, era pequeno.
 - Ría, difícil defensa.



O caso de Pontedeume: apuntamentos.

- Todas estas condicións non facilitaron un asentamento espontáneo e só cando os intereses económicos se uniron a outrso vencellados coa ordenación do territorio, foi cando a Póboa tivo a súa razón de ser.
- A documentación é escasa e iso dificulta o coñecemento dos primeiros pasos que deu a póboa pero está claro que o seu establecemento obrigou a unha planificación previa e a un control dos asentamentos.
- A diferenza doutras vilas non se concebiu ningún espazo aberto ou praza, necesario como lugar de mercado, indudablemente que existía pero posíbelmente fóra do espazo da cuadrícula.
- Igrexa: debeu existir dende o principio. De fontes escritas, testamentos, extraéanse alusións a unha igrexa baixo a advocación de Santiago; referencias documentais da segunda metade do século XIV.
- Fernán Pérez de Andrade, alcumado O Boo, mudará o aspecto da vila, foi un dos grandes mecenas xunto con outros Andrade coma Feranando ou xa posteriormente no século XVIII, o arcebispo Bartolomé Rajoy y Losada, nado na vila de Pontedeume.



COMO SE ARTICULOU A VILA?

No extremo da ponte, de xeito que unhas rúas seguen a dirección do mesmo, e outras son perpendiculares ás anteriores, de leste a oeste.

O caso de Pontedeume: apuntamentos.

De seguro que, seguindo co foro de Benavente, sábese que os rueiros foron divididos no que nos diplomas se chamou “prazas”, termo que fai alusión a un solar destinado á construción dunha vivenda.

- SOLARES:

- non hai mención ao tamaño, o que fai deducir que eran todas dun tamaño semellante. Isto cambiará co paso do tempo.
- faise mención a que os solares non eran construídos na súa totalidade senon que parte era reservado á horta.


- VIVENDAS:

- eran feitas de pedra, madeira, tella e táboas.
- nos documentos de venda / doazóns aparecen descritas as vivendas e o nome das rúas onde estaban situadas, son os primeiros nomes dos que se ten constancia: rúa que ven de Andrade, rúa que vai para a carnicería, rúa dereita ou rúa antiga.

- DEFENSA:

- necesaria polo carácter aberto da rúa,
- vontade de querer controlar as comunicacións terrestres,
- motivou case de inmediato o levantamento dun sistema defensivo de muralla, torres e portas.
- 1284 a vila posuía un valado con portas de acceso. En 1295, morre o rei Sancho IV de Castela, motivo polo que a vila queda desprotexida e posible que se pensase nun mellor sistema defensivo ca un valado, foi substituído por unha muralla coas seguintes características:
 - podía ser percorrida na súa parte superior,
 - posuía torres,
 - estendíase formando unha media lúa ovalada arredor da ponte,
 - encerraba un espazo que medía 200 varas dende a porta da Vila até a porta da Ponte. 300 varas dende o convento até a porta do Porto e toda a muralla medía 2000 varas. A **vara** era unha medida empregada na Idade Media que equivalía a 0.835905 metros, e que será empregada até o século XIX na Península Ibérica.

O caso de Pontedeume: nomenclatura das rúas.



Neste momento os nomes das rúas debéronse de fixar cedo, así temos:

- rúa do Azougue, futura rúa de San Agustín,
- rúa Herreros,
- rúa “que viene de Andrade”, futura Mayor e logo será a rúa Real.
- rúa Santiago e,
- rúa Pescadería

Despois contabamos coas rúas travesas:

- Cantón,
- travesía que vai dende a Real até a praza do Conde,
- travesía Real - Herreros,
- travesía Herreros - Azougue e,
- Ribeiramar.

A vila artellouse en torno a unha rúa principal, a futura Real. Rúa que arricaba na porta da Ponte e remataba na porta da Vila, será o eixo vertebrador do plano; a ámbolos dous lados dispuxéronse os rúas con vivendas de xeito asimétrico. Será paso obrigado para atravesar a vila; de pendente considerable obrigou a unha axeitada pavimentación necesaria para o paso e circulación das cabaleirías e que deixou pegada no seu nome “Empedrdo”

O caso de Pontedeume: nomenclatura das rúas.

Quenes foron os primeiros poboadores da vila? Quenes foron os primeiros en percorrer as súas rúas e habitar as súas casas?

A documentación é extremadamente escasa en noticias sobre eles. Pero, tendo en conta que coa Carta-Póboa pretendíase “ordenar o territorio e crear un centro administrativo que centralizase as actividades terciarias”, a vila rápidamente atraíu a notarios do rei e escribáns. Pero tamén a pescadores, mareantes, artesáns ou comerciantes, membros eclesiásticos, clases acomodadas e cabaleiros ou escudeiros que vivían en casas que posteriormente regalaban aos mosteiros.

A vila pouco a pouco íase formando e fóronse fixando os nomes das rúas, foi un proceso lento do que nalgunhas sábese fácilmente a súa historia, pero non así doutras, que chega a resultar imposible. A continuación, unha breve explicación de cada unha delas:

- Rúa da Carnicería ou da Cortaduría: posiblemente localizada onde estaba a chamada porta da Carnicería; menciónase polo menos 10 veces no libro Rexistrador de Propiedades do Concello. No Catastro da Ensenada, por unha descrición que se fai dunha propiedade, a rúa da Carnicería e en realidade a rúa do Azougue, e logo do Convento ou de San Agustín.
- Fóra do recinto amurallado atopábanse: rúa do Peirao, corredeira a Esteiro, Aguabar e Souto da Vila.
- No século XIV fúndase a capela de Nosa Señora do Soto ou das Virtudes, feito que derivou en que a xente da vila lle dese nome ao acceso a devandita capela como “camino que va a Nuestra Señora de las Virtudes”, e que despois será a rúa das Virtudes.
- A primeira referencia documental á capela de San Roque é de 1606; San Roque dará lugar ao nome da praza e tamén á porta denominada da Vila.
- Praza do Conde, pouco se coñece da construción do Pazo dos Andrade, lugar onde residían, sitio onde hoxe en día se atopa o Mercado Municipal da vila. O Pazo tiña unha capela adicada a San Miguel, nome que na actualidade leva a rúa que vai polo seu lado traseiro.

O caso de Pontedeume: nomenclatura das rúas.

- O período cronolóxico entre o século XVII e XIX, a vila sofre varios cambios morfolóxicos, algúns tan salientables coma:
 - a desaparición gradual da muralla,
 - aparecen os arrabaldes de Porto, San Roque, Virtudes con prolongación até o Empedrado; todos estes nomes fixéronse antes do século XVIII.
 - construíse o peirao,
 - Nesta etapa definíronse algúns nomes:
 - entre Azougue e San Agustín, prevaleceu esta última, aínda que no século XVIII mantívose esta ambivalencia.
 - rúa Mayor, fíxose coma a Real,
 - Praza do Rollo, pasou a ser do Consistorio e finalmente Praza Real, que é coma chegou até nós.
 - A expansión durante o século XIX produciuse cara o este coa Avenida de Rajoy; cara o oeste, en dirección estación do ferrocarril ou gañando terreo ao mar, coma o peirao e Aguabar.
 - Durante este período decimonónico tamén se marcou o trazado da estrada de Xubia a Betanzos, hoxe en día coñecida como a N-651. O deseño orixinal atravesaba a vila pola rúa Real, praciña das Angustias, Empedrado e Souto da Vila. Houbo desacordos por este trazado dende o principio que o concello quería que discorrese por Aguabar; isto non sucedeu até ben entrado o século XIX. A construción desta estrada supuxo modificacións na rúa de San Agustín na súa parte baixa, suprimindo os soportais que nela existían, así coma a conexión de outras que nela desembocaban.
 - Xa no século XX levouse a cabo a expansión cara o oeste: horta do Conde, apertura da Avenida de Lombardero e a desaparición do Pazo dos Andrade.
- Todos estes cambios fixeron da vila de Pontedeume, o pobo que hoxe en día coñecemos e percorremos as mesmas rúas que fai centos de anos.

INVENTARIO DE NOMES DAS RÚAS DE PONTEDEUME

- Rúa Alcacer: en orixe, rúa da Roda. É sensato pensar que o termo signifique “cebada” verde en herba, e fose un espazo adicado ao almacenamento de cereais.
- Praciña das Angustias, en 1895 púxoselle o nome de praza de San Nicolás de Tolentino pero non tivo éxito; o seu nome actual fai referencia á imaxe da virxe das Angustias, que estaba enriba da porta de San Roque.
- Rúa de Atafona, discorría paralela á muralla. O seu nome significa muíño de cereais ou cas na que se coce pan e se vende ao público.
- Rúa do Cantón, neste caso o seu nome fai referencia a unha pequena rúa que corta dúas importantes, e na que as casas que a compoñen carecen de porta ou, alomenos, de porta principal. Durante un tempo chamouse rúa Cervantes, pero non gozou de éxito.
- Praza do Conde, descoñécese como se configurou a vila neste lado da cuadrícula. Non hai documentación, pero é inevitable pensar na unión entre o nome e a propiedade dos Andrade.
- Praza do Convento, non sempre foi espazo público como o é agora, isto sucedeu trala desamortización, no século XIX. Terá outros nomes coma praza Manuel Paadín, nome que non sobreviviu ao fin da República.
- Rúa de Couceiro Freijomil, rúa que nace na praza Real e que da á praza do Conde que acabará sendo a rúa da Cátedra.
- Rúa de Chafarís, responde a unha pequena rúa que nace na fonte de Santo Agostiño e limita coa Praza do Convento. Chafariz, significa pila de fonte ou fonte con canos.
- Rúa do Empedrado, camiño Real, até a construción da estrada de Xubia a Betanzos. O seu nome pode derivarse dunha consolidación do seu firme. En 1967 chamouse “da Deputación” pero en 1989 volta ser do Empedrado.
- Praza de España. A súa orixe márcase en 1905, data na que desaparece o Arco de Maldonado. Primeiro chamouse de Alfonso XIII pero en 1942 xa aparece mencionada como praza de España.
- Rúa dos Ferreiros, paralela á rúa Real, na súa orixe non tiña saída, non tiña porta e pechaba a muralla. No século XVIII menciónase como rúa de “los Herreros” o de “la Herrería”. O seu nome fai referencia ao oficio de ferreiro.

INVENTARIO DE NOMES DAS RÚAS DE PONTEDEUME

- Rúa da Fontenova, antigo carreiro que xuntaba a porta do Postigo co Souto da Vila. O seu nome fai referencia a unha fonte de nova creación.
- Rúa da Galera. Sinalaba o límite oeste da horta dos Andrade, 1882 corredeira da Galera. É posible que o seu nome derive da existencia dun antigo hospital para mulleres do que non se ten ningunha constancia documental, aínda que tales hospitais só eran construídos nas cidades.
- Rúa da Igrexa, Nun plano de 1882, correspondíase coa rúa que arrodea a cabeceira da Igrexa de Santiago formando un ángulo recto, rematando nas escaleiras que suben ao adro e que baixaban á rúa Real. Na primeira metade do século XIX chamábase, rúa do Atrio de la Iglesia.
- Rúa da Inmaculada, denominada da Ribeira até 1904. O topónimo Ribeira, significa que limita coa rúa, coa que estaba separada pola muralla. Arrica na póboa aparecendo xa en documentos do século XIV.
- Rúa do Mancebo. Comunica a rúa Real coa rúa da Pescadería. Foi construída no século XVII pasando a denominarse rúa nova de xunto a igrexa. No Catastro da Ensenada aparece nomeada como rúa travesa da Fontaiña e no censo de 1812 como rúa travesa ao Trepadizo. En 1895, mudouse o nome de numerosas rúas, entre elas, esta, que pasou a chamarse do Mancebo, en alusión a Alonso Mancebo, rexedor da vila.
- Praza do Pan. Anterior a ser praza era un alfolí, lugar destinado á almacenaxe de sal. En 1849 devandita construción estaba en mal estado de conservación e sae a puxa pública para levar a cabo o seu derrube, que derivará na construción actual da praza. Até 1989 foi denominada Praza dos Voluntarios.
- Rúa da Pescadería. Nome habitual de rúas nas vilas medievais de costa. Manifesto da importancia da actividade á que fai referencia. Pódese afirmar que este nome afixouse cedo pero non se atopa documentación referencial até 1574. Até mediados do século XIX estivo unida á rúa Alcacer por un pasadizo, enriba do cal se situaba a casa de don Manuel Reyes.
- Pelamios. Nome que fai referencia á actividade vencellada ao curtido da pel.
- Rúa de Porto. Poida que o seu nome derive de servir de acceso ao porto. En 1571 faise a primeira mención co nome de Porto de Abaixo.

INVENTARIO DE NOMES DAS RÚAS DE PONTEDEUME

- Rúa do Picho. Discorre polo antigo camiño de rolda da muralla hoxe desaparecida. O seu nome responde á chegada a ela dun pequeno regato coñecido como Vertente do Escorial ou Escorial. Picho segundo o dicionario da Real Academia Galega, significa “cano ou billa por onde verte a auga dunha fonte”
- Rúa Real. Citada xa no século XIII coma “rúa que ven de Andrade”. A mediados do século XVIII xa é a rúa Maior ou Real, prevalencendo este último. De Real pasouse a chamar Da Liberdade, e finalmente torna a Real posiblemente na segunda metade do século XIX.
- Praza Real. Non hai dúbida da súa presenza dende a orixe da vila. No 1617, cando se chamaba Maior ou Principal, foi ensanchada. A mediados do século XVIII era denominada do Rolo ou do Consistorio. Rolo, fai alusión á presenza dunha columna que era símbolo de xurisdición e que podía servir de picota; Consistorio, é en alusión á presenza nela do edificio consistorial. Tivo outros nomes pero dende 1989, aprobouse definitivamente como Praza Real.
- Rúa de San Agustín. Até a fundación do Convento de San Agustín, denominouse da Carnicería ou da Trabanca pola presenza dunha porta da muralla con este nome. Foi tamén a rúa do Azougue. A vila posuía en propiedade o denominado Mesón, por doazón de Fernando de Andrade, o cal estaba situado en fronte do convento e no que tiña o dereito de azougue. Estes dous nomes Carnicería e Azougue mantivéronse até a segunda metade do século XVIII.
- Praza de San Roque. Nome que procede dunha ermida fundada no século XVI e que desapareceu no 1840. Hoxe en día coñécese co sobrenome de Praza da Calzada, que posiblemente deriva dunha pavimentación que realizou o concello en 1910 polo seu mal estado de conservación. É posible tamén, que este nome sexa anterior e veña de porque pasaba por alí o camiño Real.
- Rúa de San Miguel, une a rúa da Pescadería coa de Porto. O seu nome deriva da antiga capela que había no Pazo dos Andrade.
- Rúa de Santiago. Nome co santo titular da Igrexa Parroquial. O seu nome mantívose sen nengunha mudanza ao longo do tempo.
- Rúa das Virtudes. Acceso natural ao santuario dende os primeiros momentos da edificación da capela.

BIBLIOGRAFÍA

- Ares Legaspi, A., Coira Pociña, J. e de Castro Álvarez, C. (2020). *750 anos construíndo a historia de Pontedeume*. Editorial Espino Albar.
- de Castro Álvarez, C. (2005). Sobre os nomes das rúas, prazas e xardíns de Pontedeume. *Revista Cátedra de Estudos Eumeses* núm. 12.
- Sanmartín Corral, S. Apuntamentos *Historia do Urbanismo (1998 -1999)*. *Facultade Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela*.
- Sanmartín Corral, S. Apuntamentos *Historia das tipoloxías arquitectónicas (1998 -1999)*. *Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela*.
- Paniagua Soto, J. R. *Vocabulario básico de arquitectura*. *Cátedra Cuadernos de Arte*.
- Correa Arias, J.F. (2004). *Fernán Pérez de Andrade, O Boo. Mentalidade e realidade social*. Premio Historia Medieval de Galicia, 2003. Editorial Toxosoutos.